



Guía rápida.

1 Utilidades → Moodle plugin → **2** Obter zip



3 Administración do sitio → Extensións → Instalar complemento



1.- Obtemos a extensión.

Para instalar a extensión de Ardora para Moodle necesitamos obter un **ficheiro zip** que logo deberemos de levar á nosa aula virtual.


Observe o seguinte gráfico e siga os pasos indicados.

1.- Abra o menú **utilidades**.

2.- Clic en "**Moodle plugin**".

3.- Na xanela emerxente que aparece faga clic sobre o botón de "**destino**" para indicar o

lugar da súa computadora no que quere que o arquivo sexa gardado.



4.- Pulse en "**aceptar**" para que o arquivo "ardora.zip" sexa creado no lugar indicado en "destino".

NON MODIFIQUE o contido deste arquivo nin o seu nome.

2.- Instalamos en Moodle a extensión.

O noso seguinte paso será colocar o arquivo que acabamos de obter (ardora.zip) en Moodle.



1.- Para iso abrimos a nosa aula virtual cunha **conta de administrador** e imos ao menú "**Administración do sitio**".

2.- Seleccione a opción "**Extensións**":

3.- Faga clic sobre "**Instalar complementos**".

4.- Na nova xanela pulse sobre "**Seleccionar un arquivo**" e suba "ardora.zip" ou simplemente arrastre ese arquivo a esa zona.

5.- Pulse en "**Instalar complemento dende arquivo**".

6.- Na nova xanela pulse en "**Continuar**".

7.- Despois dunha serie de comprobacións do servidor e se non se produciu ningún erro, no fondo da pantalla debemos de pulsar sobre "**Continuar**".

8.- Na seguinte xanela pulsaremos sobre "**Actualizar base de datos de Moodle agora**".

9.- Despois dun tempo pulsaremos en "**continuar**" para pasar ao último paso.

No último paso debemos de establecer os parámetros da extensión que acabamos de instalar.

Os máis importantes son:

1.- Ancho e alto que, "por defecto" van ter os contidos que se mostre nun "**frame**" (estes valores poden ser modificados para cada un dos contidos que subamos).

2.- Opcións que se van a mostrar **para visualizar** os contidos nun curso.

3.- Valor que, por defecto, vai

usar **para mostrar os contidos**.

4.- Ancho e alto que terán os contidos no caso de ser abertos en "pop-up".

Finalmente xa só quedaríanos pulsar en "**Gardar cambios**" (teña en conta que estes valores poden ser modificados posteriormente).

Se todo foi correctamente, ao ir a calquera curso da nosa aula e pulsar sobre "Engadir unha actividade ou recurso", deberemos de ver, entre as novas posibilidades, unha icona co logotipo de Ardora.

